

DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN COA SOLICITUDE

DE OBRIGADA PRESENTACIÓN:

- Impreso de solicitude cuberto en todos os seus apartados
- Memoria de actividades propias da asociación do ano 2016, se non foi entregada anteriormente
- Acta ou certificado da reunión na que se modificou a composición da Xunta Directiva expedido con data recente, no que conste:
 - a) Nome, apelidos e domicilio, se son persoas físicas
 - b) Razón social ou denominación, se son persoas xurídicas, cos datos de identificación das persoas físicas que actúen no seu nome
 - c) Data de nomeamento
 - d) Data da revogación e do cesamento, no seu caso, dos titulares saíntes
 - e) Sinatura dos titulares e, no seu caso, dos titulares saíntes
 - f) Fotocopia do DNI dos novos membros

SE NON FORON ENTREGADOS EN ANTERIORES CONVOCATORIAS OU HOUBO MODIFICACIÓNS:

- Fotocopia compulsada dos Estatutos da Entidade
- Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da Entidade
- Fotocopia compulsada da tarxeta do NIF (No caso de persoas físicas)
- Certificación dos datos bancarios (Modelo oficial)
- Certificación da inscrición no rexistro de asociacións de Galicia

AS PERSOAS FÍSICAS, ADEMAIS:

- No caso de artistas individuais, historial no que constará os logros ou os premios obtidos máis importantes. Dito historial deberá acreditarse fehacientemente

INFORMACIÓN SOBRE AS CONDICIÓN DA CONVOCATORIA

- O importe da subvención solicitada non poderá superar o 70% do presuposto estimativo de gastos
- Só se poderá solicitar subvención para unha materia e dentro da materia elixida, un máximo de dúas subvencións para actividades/talleres e dúas subvencións para equipamento, se é o caso, debendo priorizar entre elas (1, 2, 3 e 4)
- As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Municipal dentro do prazo establecido
- A actividade/equipamento subvencionado deberá acreditarse coa presentación ineludible, antes da realización da actividade, de 2 carteis anunciadores ou outra información escrita realizada para a súa difusión onde figure a imaxe corporativa do concello

PRAZO E DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN

- O prazo rematará o 30 de novembro de 2017
- A xustificación realizarase mediante a conta xustificativa, que constará da seguinte documentación:
 - Memoria económica xustificativa (modelo oficial)
 - Memoria de actuación xustificativa (modelo oficial)
 - Facturas orixinais ou compulsadas dos gastos realizados polos conceptos incluídos no presuposto inicial e polo importe mínimo sinalado na notificación da subvención. As facturas que non reflectan claramente a finalidade da actividade deben acompañarse dun informe aclaratorio. Non se poderán pagar en efectivo as operacións cun importe igual ou superior a 2.500,00 €, nin fraccionar o seu importe en varias facturas, sendo obriga desta Administración informar á Axencia Tributaria se existe incumprimento desta norma. Por este mesmo motivo, todas as facturas presentas para a xustificación cun importe igual ou superior a 500,00 € deberán ser tido aboadas mediante transferencia bancaria, tendo que entregar os xustificantes dos pagos realizados.
 - Compromiso de facer constar a colaboración do Concello de Arteixo e a Concellaría de Cultura e Festas en todo a información que realice do desenvolvemento das actividades ou compra de equipamento e sendo de obrigado cumprimento a entrega de documento acreditativo (cartel, foto, ...) no momento da realización ou adquisición oportuna.

Segundo o disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/119, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento, infórmase que os datos persoais recollidos a través desta solicitude servirán para administrar e xestionar as convocatorias de subvencións. Poderán ser cedidos á Base Nacional de Subvencións e publicarse na páxina web. O órgano responsable destes datos é o Concello de Arteixo e o enderezo onde o interesado/a poderá acceder, rectificar, cancelar e opoñerse aos datos é a praza alcalde Ramón Dopico, núm. 1, 15142 Arteixo.